



## TEXTO INSTITUCIONAL POLO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

“En 1975, a Organización das Nacións Unidas convidou aos seus países membros a declarar o 8 de marzo como Día Internacional da Muller para ter presente que a loita polos dereitos humanos é tamén a loita pola igualdade entre mulleres e homes”. (*Declaración institucional do Congreso. 2009*)

Esta data convida a reflexionar sobre os dereitos conquistados, a celebrar a valentía de moitas mulleres, de renome ou anónimas, mulleres con determinación que desempeñaron un papel clave na historia.

Os avances a nivel mundial nos últimos anos son globais e rápidos, en moitos sentidos. Sen embargo, ao falarmos da situación das mulleres en diferentes puntos do planeta comprobamos como segue a ser unha cuestión non resolta, existindo restricións legais e numerosos exemplos de inxustizas e desigualdades que invisibilizan, agreden e discriminan a nenas e mulleres, só polo feito de selo.

Fagamos que o 2020 sexa un ano decisivo. No Concello de Valdoviño renovamos o noso compromiso coa loita social feminista e con todas as nenas e mulleres, especialmente as da nosa comunidade.

Co noso traballo diario apoiaremos esta causa, a través da dotación de fondos e a posta en valor do traballo do persoal técnico. Ademais, como parte da *Estratexia de Prevención de Violencias Machistas e Fomento da Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Valdoviño, 2019-2023* desenvolveremos actuacións que capaciten ao persoal municipal e aos diferentes axentes educativos e sociais, prestando atención á situación de nenas e nenos e contribuíndo á identificación das desigualdades existentes, en prol dunha comunidade igualitaria e respectuosa.

*Cada 8 de marzo, Valdoviño segue na loita polos dereitos das mulleres.*